



**Alternativas
xovenís en Lugo
coa AXSC e a
Iniciativa Xove**



**'Emprende',
apoio ás
novas ideas
empresariais**



**Pablo
Fernández,
premio de
física da UPF**



Chegan os festivais do verán



Novo programa de apoio á xuventude emprendedora de Galicia e Portugal

- “Emprende” conta cun orzamento de máis de 720.000 euros

Os xóvenes emprendedores de Galicia e do norte de Portugal teñen á súa disposición un novo programa co que verán respaldados os seus proxectos. Trátase de “Emprende”, que se desenvolve durante o bienio 2011-2012 e que se compón dunha serie de mecanismos de asesoramento.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, explicou durante a presentación do programa en Tui que a nova iniciativa, que toma o relevo do anterior “Espazo Xuvenil”, procura “dinamizar a economía e o emprego” no territorio de Galicia e do norte luso.

O anterior programa axudou a crear dez empresas por parte de mozos e mozas e o novo, cun orzamento de 720.000 euros dentro do programa de cooperación transfronteiriza, poderá beneficiar ata 20.000 persoas. As distintas accións que se acometerán servirán para difundir os valores do emprendemento, fomentar a internacionalización das empresas e mellorar a súa competitividade, darlle un novo pulo á formación continua, e en definitiva alentar “a confianza e o estímulo á xuventude como capital de futuro”,



Presentación en Tui do programa Emprende

tal como suliñou a titular do departamento autonómico de Traballo e Benestar.

Deste xeito, “Emprende” contará cun gabinete de iniciativas xuvenís emprendedoras para o apoio básico á creación de empresas e emprego e que, en colaboración cos informadores xuvenís conformarán un ob-

servatorio para elaborar informes e estudos sobre emprego xuvenil.

Crease tamén un servizo de mobilidade para intercambio de experiencias, unha plataforma e-learning para accións formativas, ou foros de empresarios e asociacións xuvenís para coñecer as necesidades de cadaquén.

“Emprega Talento” reúne directivos de empresas cun cento de xóvenes

Unha das iniciativas máis salientables do programa “Emprende” é o “Emprega Talento”, que a comezos de maio serviu para reunir a máis de trinta directivos de empresas galegas cun cento de mozos e mozas, como unha forma de axudar a encauzar os proxectos dos novos emprendedores.

A conselleira de Traballo, Beatriz Mato, asistiu ao encontro e explicou que este “punto de encontro” serve para “facer encaixar a iniciativa emprendedora, a busca de oportunidades de emprego, a necesidade de talento e competitividade nas empresas e a posibilidade de facelas converxer no espazo de cooperación transfronteiriza”.

O que se busca con estes encontros é que “a xuventude da xeración máis preparada da nosa historia” teña a posibilidade e os coñecementos para crear novos proxectos. “Facer visible o talento dos mozos e mozas e colocalo na rampla de saída de novas iniciativas empresariais, grazas ao asesoramento daqueles que a día de hoxe xa son profesionais en empresas galegas”, explica Beatriz Mato.



“A satisfacción é que che recoñezan o traballo”

● Entrevista con Pablo Fernández Garrido, premio de investigación da Pompeu Fabra

O malpicán Pablo Fernández Garrido, estudante de Física en Santiago, acaba de obter o Premio Exprecerca Jove da Universitat Pompeu Fabra, por un estudo que desenvolveu no Bacharelato sobre a velocidade de arrefriamento dos líquidos. En xullo participará nun certame internacional en Eslovaquia. Intentarás sorprenderte ao xurado con algo especial?

- Eu intento sorprenderte co mesmo que fixen en Barcelona e amosar, máis que os resultados, os métodos para obtelos. O meu traballo consistiu en ir facendo diferentes métodos de experimentación cos que recollo uns datos. Representeinos en gráficas e a partir delas saca a conclusión dunha ecuación común a todas. Identifico cales son os patróns, os factores que interveñen en cada gráfica. É como establezo o modo de arrefriamento dos líquidos.

- Entón a principal achega do teu traballo é atopar novos factores que inflúen nese proceso?

- Mentres a **lei de Newton de arrefriamento** dos corpos en xeral establece un tipo de ecuación, a novidade que chego a extraer do estudo é que os líquidos seguen un patrón similar,

pero non o mesmo. **Newton** relacionaba o arrefriamento coa diferenza de temperaturas, de modo que arrefrían máis rápido canto maior sexa. Ao que eu chego é que non é só por eso, senón que independentemente da diferenza de temperaturas que haxa, canto máis quente estea o líquido máis rápido arrefría. Por exemplo, un líquido a 90 graos nun ambiente a 60 arrefría máis rápido que un líquido a 60 graos nun ambiente a 30. Aínda que a diferenza de temperatura sexa a mesma, arrefría máis rápido o de maior temperatura. Eso é o que a lei de Newton non contempla.

- Cal foi a maior satisfacción de recibir o premio?

- Que che recoñezan o traballo porque a principal satisfacción xa foi conseguir sacar polo meu propio traballo a ecuación. Eu ademais ía a Barcelona co obxectivo de conseguir

un premio que daban para poder traballar por uns días no **CSIC**. Era un premio menor e ao final acabei conseguindo o primeiro premio, así que foi unha grata sorpresa.

- Que aplicacións prácticas poder ese traballo?

- Eu sempre comento o caso do café, como arrefrialo máis rápido can-



Pablo Fernández Garrido

do o atopamos demasiado quente. Na investigación que realicei, habería tres métodos: aplicarlle maior diferenza de temperaturas, que é o que pensamos normalmente ao colocalo nun lugar máis frío; pero por outra parte tamén estaría o de quentalo máis para aumentar a súa temperatura inicial que é o que contemplo agora que é unha novidade; e a maiores sería removelos a favor das correntes de **convección**, é dicir en vez de movelo en sentido horario ou antihorario,

removelos de arriba para abaixo para favorecer o intercambio de calor do líquido que está máis abaixo, que está máis quente, co aire.

- Pensaches nalgunha aplicación industrial?

- Estiven pensando aplicalo a aceite de motor. Para arrefrialo máis rapidamente poderíamos aplicarlle unha diferenza de temperaturas maior, pero eso sería algo así como levar unha nevera só para o motor no coche, o que sería bastante aparatoso. E despois poderíamos incluso facer que o aceite aumentase a súa temperatura para que se enfriase máis rápido, pero está claro que temos o problema de que estropearía o motor. E entón a miña solución sería que a parte do motor onde se arrefría o aceite tivese unha especie de turbinas que fagan que o aceite se mova a favor das correntes de convección.

- Como ves o futuro? Ves posibilidades de desenvolvemento profesional en Galicia?

- Pois a verdade é que aínda que a investigación sexa máis ben de termodinámica a min especializarme en termodinámica non é que me guste moito. Eu prefiro a astrofísica e astrofísica en Galicia non podo. Eso si, aínda que teña que ir estudar uns anos fóra, a min sempre me gustaría acabar voltando a Galicia.

Estableceu como un líquido máis quente arrefría máis rápido



Sagrado Corazón ofrece alternativas á xuventude de Lugo



iniciativaxove

- A asociación xuvenil lucense ten o apoio da Iniciativa Xove

“Cubrir unha demanda da xuventude de realizar un tipo de actividades que non atopan na súa vida corrente”. Así resumen os responsables da Asociación Xuvenil Sagrado Corazón (AXSC) de Lugo os propósitos da súa ampla programación ao longo de todo o ano. Enmárcanos dentro da dinámica social actual, que ás veces non lles dá aos xóvenes outra opción que “pasar máis tempo na casa usando de modo excesivo, en moitas ocasións, ou non do mellor modo, ferramentas tecnolóxicas como a internet ou os videoxogos”.

Por eso, as propostas da A. X. Sagrado Corazón, que gozaron do respaldo de **Iniciativa Xove**, abordan eidos tan variados como o medio ambiente, o lecer, a saúde, o deporte, a educación ou a creatividade artística.

Esto fai que a entidade, que conta cuns 300 socios, encha o calendario da súa área de influencia dunha mancha de actividades, que programan ademais intentando atender a demanda dos usuarios e avalían continuamente entre todos para procurar melloralas ano tras ano.

Para non descoidar formación e estudos

Sagrado Corazón ten en funcionamento permanente unha academia que diariamente serve de apoio para os estudantes en materias como inglés, matemáticas ou física. A asociación matiza que non está concebida como unha academia en sentido estricto, senón que máis ben procuran apoiar e axudar a aqueles aos que se lles presenten dificultades educativas por calquera motivo.

Nesta liña, remarcan que teñen como obxectivo prioritario axudarlles de maneira especial a quen teñan algunha dificultade derivada dunha enfermidade ou dunha disca-

pacidade. Contribúen así a preservar a igualdade de oportunidades e a evitar a exclusión social mediante algo tan necesario como a formación persoal. Os resultados están sendo moi satisfactorios.

Academia da asociación



Presentación entre moda

O desfile-presentación que ao remate de cada mes de maio organiza Sagrado Corazón é para a entidade “unha das actividades máis esperadas” e que maior número de asistentes e participantes rexistra, chegando a superar as seiscentas persoas na discoteca **Vértigo**.

No último desfile fixeron pasar máis de sesenta modelos de entre cinco e vinte-cinco anos, con prendas cedidas por establecementos da cidade da muralla, e por deseñadoras locais como Sara Lage e Maru Calderón.

O evento serve tamén para presentar as

escolas deportivas da asociación e dálle cabida tamén a diversas actuacións e sorteos. Na última cita, os protagonistas foron os noventa xogadores das escolas

O desfile é todo un éxito



de baloncesto de Sagrado Corazón, e sobre o escenario chamaron a atención as habilidades de dous grupos lucenses de baile: os **Angels Breakers** e DKS Academia de Baile.



Aposta por encher o tempo libre

Sagrado Corazón afirma que, ademais da formación, o fomento do asociacionismo ou o fomento de hábitos saudables, o "aspecto lúdico é clave" na súa programación de propostas. Podería dicirse que é algo transversal a todas as súas actividades.

Deste xeito, no seu calendario teñen como celebracións fixas a festa de reis, o entroido e un magosto popular con castañas que eles mesmos apañan. Tamén pretenden consolidar un concerto que na primeira edición xa contou con grupos como **Smiling Drops**



Excursión de Sagrado Corazón a Salou

ou **Zinc So**. E ademais organizan viaxes, como a que en Semana Santa levou a Salou a un grupo de asociados ou as saídas a espazos lúdicos que promoven cada verán aproveitando as vacacións escolares.

Preparan a festa de cumpreanos en xuño

A Asociación Xuvenil Sagrado Corazón de Lugo é unha das máis reputadas da cidade no seu ámbito. Aválana xa dúas décadas de traballo. Os vinte anos cumpríronos en 2010 e celebráronos cunha cea baile na que reuniron arredor de cen persoas, entre amigos e socios da entidade. E aínda que este ano o aniversario da fundación non ten unha cifra tan redonda, tampouco vai quedar sen festexar. Para este mes de xuño preparan unha outra cea baile á que con-

vidan a todas as persoas que nalgún momento participasen en actividades organizadas pola entidade, ademais de todos os anteriores presidentes da asociación e autoridades que contribuíron a que puidesen cumprir os seus obxectivos. A intención é converter a festa de cumpreanos "nunha auténtica xuntanza de antigos e recentes socios", tal como explican os actuais responsables da directiva de Sagrado Corazón.

O deporte é unha das esencias da AXSC

As iniciativas vinculadas ao deporte ocupan un protagonismo sobranceiro nas actividades da Asociación Xuvenil Sagrado Corazón. As súas escolas deportivas son o fío condutor, sobre todo centradas no baloncesto, pero ao longo do ano acometen accións especiais que axudan a facer aínda máis atractiva a práctica do deporte para os adolescentes e a mocidade relacionada coa asociación.

Boa mostra é o clinic 'Lugo é Basket' que organizaron o pasado mes de marzo, que incluíu un

ciclo de conferencias ao que acudiron arredor de setenta adestradores de todo o noroeste español.

A primeiros de xuño celebran tamén o seu torneo do Día do Basket, con encontros en todas as categorías de idade e que, entre todos os equipos galegos que compiten tense aproximado aos seiscientos participantes.

Entre finais de xuño e comezos de xullo prevén un campus multideporte con oitenta prazas, que se une ás xornadas técnicas con **Sito Alonso** celebradas en abril.



Clinic de baloncesto da asociación



Están tolos estes lucenses

● Décimo Arde Lucus na fin de semana do 17 ao 19 de xuño

Lugo revivirá o seu pasado romano durante a fin de semana do 17 ao 19 de xuño, coa celebración da décima edición do **Arde Lucus**. A festa, que congrega ano tras ano a milleiros de persoas, estrea este ano a declaración de Interese Turístico Galego. A proposta suma máis de 240 actividades, centradas nesta ocasión no irmanamento das culturas romana e castrexa. Da maioría encárganse as cinco asociacións de recreación histórica do municipio: **Caetra Lucensium**, **Civitas Lucensis**, **Lugdunum**, **Terra Copora** e **Tir Na N'Og**. Un dos espectáculos máis vistosos será a revolta entre romanos e castrexos na tarde do sábado.




Durante as tres xornadas, familias enteiras e grupos de amigos, tanto de Lugo como visitantes, implícanse no Arde Lucus preparando os traxes que van lucir polas rúas e prazas da cidade da Muralla. A festa expándese por todo o recinto, se ben conta con cinco ubicacións propias e terá como 'enclaves' de visita obrigada a Praza de Campo Castelo, co Asentamento de Taranis e as súas actividades familiares, e a rúa Alférez Provisional, nova ubicación de Miúdo Arde. E sobre todo a Praza Maior, que será o escenario da revolta entre castrexos e romanos da que se encargará a **Cohors III Lucensium**.

Espectáculo no circo

O Circo Romano estará repleto este ano de grandes novidades. A principal é "A vinganza das Amazonas", mestura de combates, danzas místicas, acrobacias e loita de gladiadores. As entradas poden adquirirse a dous euros en **servinova** ou no 902 504 500. Haberá tamén espectáculos variados polas rúas.

Arde Lucus 2.0



flickr

facebook



twitter

O programa

O venres de cinco da tarde a tres da mañá, o sábado de once da mañá a dúas da noite, e o domingo ata as dez da noite... O **programa** de actividades ofrece todo tipo de propostas. A organización recoméndalles aos visitantes acudir ataviados como romanos. Non sexa que os tomen como invasores...



A campaña LIBRE intensifícase durante os meses de verán

● Conciencia á xuventude do perigo de mesturar alcol e condución

As rúas e locais das principais zonas de ocio nocturno e os lugares onde se observa máis sinistralidade viaria van ser durante os meses de verán os principais escenarios da campaña **LIBRE**, para fomentar a figura do condutor alternativo e a condución segura e sen alcol entre a mocidade.

Esta campaña da dirección xeral de Xuventude ampliou a súa zona de cobertura e xa deu comezo en Semana Santa, pero é agora nos meses de verán cando se intensifica, coa proliferación de festas e eventos lúdicos en todos os curros de Galicia.

LIBRE contará con monitores xuvenís que repartirán material promocional e informativo, coa máxima de "0% alcol para

10.000 copias. A canción e o videoclip de Jabon Blue, que foi arranxada por Luis Cobos, distribúese en centros educativos e xuvenís. Tamén está dispoñible **na web**.



conducir". Entre ese material, están os discos coa canción e co videoclip de '**Flores en la Carretera**', tema do grupo **Jabon Blue** que trata de concienciar aos xóvenes do risco de confiarse ao volante e das vantaxes de organizar as súas saídas nocturnas cun condutor alternativo que evite o alcol.

LIBRE editou dez mil exemplares de CD e DVD de '**Flores en la carretera**', que tamén se distribuíron en centros educativos, casas da xuventude,

asociacións xuvenís ou casas da xuventude. Tamén os locais de ocio colaboran na campaña, en virtude dun convenio entre a Xunta a **Confederación de Empresarios de Hostalería de Galicia**.

Controis voluntarios. Os monitores da campaña efectuarán controis voluntarios de alcolemia para que os mozos e mozas sexan conscientes da influencia do alcol no volante.

ESTREA DA CAMPAÑA CON CONCERTOS EN RIBEIRA

A tempada de verán da campaña LIBRE comezou a quentar motores en Ribeira, cunha xornada repleta de diversas actividades, entre elas os concertos de Jabon Blue e de Luis Cobos, que acudiu acompañado por 28 músicos. En colaboración co **Concello**, a dirección xeral de Xuventude organizou propostas para os escolares, cun parque móbil da Dirección Xeral de Tráfico, xogos inchangeables e unha pantalla xigante de karaoke na que se pasaba a canción oficial da campaña '**Flores en la carretera**'. Ademais destes contidos máis lúdicos, pero sempre didácticos, houbo tamén unha compoñente informativa, a través da carpa instalada na localidade para difundir a actividade do departamento autonómico de Xuventude.

PROFESIONAIS PARA A SEGURIDADE VIARIA

No marco de LIBRE, este ano ofreceuse por segunda vez un curso de formadores en mediación viaria. Nesta acción formativa xa levan participado máis de cen persoas e a dirección xeral de Xuventude e Voluntariado xa conta con vinte profesionais en activo especializados nesta temática. O seu cometido é levar a cabo a campaña '**Móvete**', que proseguirá durante este ano mediante os obradoiros de concienciación de seguridade viaria que se desenvolven nos campamentos de verán xuvenís programados pola Xunta de Galicia.



CHEGAN OS FESTIVAIS DO VERÁN

Tempos de mochila e estrada con festivais por toda Galicia

A ecuación é sinxela. A máis temperatura, maior é a eclosión de eventos musicais por toda a xeografía. Durante as vindeiras semanas, comezarán a multiplicarse os festivais máis variados. Con máis ou menos presuposto, de balde ou con entradas caras e limitadas, con grupos que empezan, outros que están consolidados, outros en pleno apoxeo e outros en retirada, en grandes cidades ou na máis peque-

na das aldeas... o caso é que os festivaleiros van ter tamén esta tempada moito onde escoller en toda Galicia. Neste número do Xuventude. Novas ofrecémosche algúns dos máis destacados ou dos máis senlleiros festivais que se celebrarán durante os próximos meses. Acudindo á frase feita, resulta obvio que non están todos os que son, pero todos os que están son. Así que agora toca mochila e estrada...

Standstill no Cultura Quente

22-23 de xullo

O festival **Cultura Quente**, que se celebra en Caldas de Reis na fin de semana do 22 e 23 de xullo, volve a dar mostras de por que é un dos de máis repercusión no verán galego. O programa deste ano traerá ata a Carballeira da localidade a **Standstill**, **Delorean** ou **El Columpio Asesino** como algunhas das propostas de máis renome. Pero o cartel é moito máis amplo e variado e xa están confirmados **Klaxons**, **Jim Jones Revue**, **OK Go!**, **The Undertones**, **David Fonseca**, **FM**

Belfast, **Deer Tick**, **Dawes** e **Eme DJ**.

O único inconvinte, tamén novidoso este ano, é que a entrada podería deixar de ser de balde. De momento non se confirmou nin se desmentiu.



Standstill

20 de agosto

Festival Irmandiño en Moeche

Aínda que polo de agora non ten pechado o cartel de actuacións para este ano, este **festival** é un dos máis senlleiros da comarca de Ferrol -con permiso do de Ortigueira-

pois o seu programa adoita xunir unha boa oferta musical con recreacións históricas, exposicións de artesanía e representacións teatrais. Todo arredor do castelo de San Xurxo, destruído nas revoltas populares do século XV. O festival leva xa trinta e dous anos celebrándose e este ano estrea responsables da organización. Aínda que haberá novidades, manterán a esencia e a recreación histórica do levantamento contra os Andrade, co castelo engalanado para a ocasión.



25-27 de xuño

Máis de cincuenta bandas por 55 €

O **Derrame Rock**, que ata agora difundía os seus acordes por terras asturianas, múdase na súa decimosexta edición a Ourense. O recinto feiral acollerá as actuacións de ata 53 bandas, das que 42 corresponden ao cartel e as outras once procederán dos distintos concursos. Os nomes máis destacados son os de **Muchachito Bombo Infierno**, **Los Suaves**, **Boikot**, **Subversión X** e **Riff Raff**.

Xa se poden adquirir entradas

para os tres días e con camping a 55 euros por persoa. Están dispoñibles en **La Región** e na tenda **Peggy Records**, en Ourense, e en **Don Disco Lugo**. En internet, unha das opcións con menos recargo é **Musikaze**.



Muchachito Bombo Infierno



CHEGAN OS FESTIVAIS DO VERÁN

7-10 de xullo

The Elders, Luar na Lubre e UFQ no Celta de Ortigueira

O **Festival do Mundo Celta de Ortigueira** xa confirmou no seu cartel ao veterano grupo norteamericano **The Elders**, que actuará por primeira vez en España, aos británicos **The Urban Folk Quartet** (UFQ), e a **Luar na Lubre**, que está celebrando o seu cuarto de século de existencia.

Non obstante, este evento musical, que organiza o

Concello de Ortigueira e está declarado de interese turístico internacional, aínda dará máis sorpresas cando complete a súa programación nas vindeiras semanas.

Si están confirmados tamén **The Crass**, gañadores o ano pasado do concurso de grupos emerxentes no que este ano compiten **Ultràqans**, **Stolen Notes** e **Riveira**.



The Elders

17-18 de xuño

Sónar Galicia

Do segundo **Sónar Galicia** xa che contamos os primeiros detalles **nun Xuventude-Novas anterior**, pero lembra que reunirá en ExpoCoruña a vinte e oito artistas, con **James Murphy**, **M.I.A.** e **Underworld** como os grandes reclamados.

As entradas saen a 35 euros por día ou 65 en abono se se compran por anticipado (**nova-caixagalicia** e **ticketmaster**) e a 45 euros/día ou 75 en abono en despacho.

12-13 de agosto

De Brincadeira con Europe, Rosendo...

O Festival Brincadeira, en Ordes, ofrece este ano un potente cartel no que xa están confirmados o mítico grupo oitenteiro **Europe** e **Rosendo**, ademais de **The Grit**, **El Vez**, **Obús**, **Wau y los Arrrghs**, **Burning**, **La Kinky Beat**, **Dios ke te Krew**, **Dr. Explosion**, **Ruxe Ruxe**, **Boikot**, **Kastomä**, **Los Barranquillos**, **Chícharo Psíquico** e **La Pegatina**. O programa aínda vai medrar nas vindeiras semanas. As entradas son a 15 euros, en abono para os dous días.

25 de xuño

Jane Joyd encabeza o Sinsal San Simón

O **Festival Sinsal Audio** da Illa de San Simón, en Redondela, programa a **Jane Joyd** nos seus escenarios. Pero non só os admiradores desta banda galega teñen motivos para acudir, porque xa están confirmados tamén **BFlecha**, **Murmel Bruxas**, **2uS**, **Mweslee**, **Wooden Wand**, **Buke and Gass**, **Las Kellies**, **Laetitia Velma** ou **The Marzipan Man**, entre outros. Ademais da música, cine, performances e espectáculos na illa. As 400 **entradas**, a 25 euros




Jane Joyd

20-25 de xullo

Bobby Rush, **Me-deski-Martin and Wood**, **Randy Brecker**, **Bill Evans**, **Jose James** e **Stefano di Battista** conforman os principais atractivos do **Festival Internacional de Jazz e Blues de Pontevedra**, con actuacións do 22 ao 25 de xullo na Praza da Ferrería. Nos días previos, o 20 e o 21, o Pontejazz levará á Praza do Teucro a **Philip Dizack** e ao quinteto do vigués **Iago Vázquez**.

Entre o 20 e o 23 tamén se prevén os pasarrúas musicais a cargo da Chivin-jazz Street Band e jam sesións no Náutico.



Bobby Rush

NON O PERDAS

JUANES. VIGO.
16 DE XULLO. CASTRELOS



VETUSTA MORLA. A CORUÑA.
17 DE XUÑO. MARDI GRAS.

NON O PERDAS

A CORUÑA
3 de xuño
Maryland
Mardi Gras

3 de xuño
Gran Wyoming e
Los Insolventes
Le Club

4 de xuño
Moondogs Blues Party
Le Club

4 de xuño
Johnny Casino +
Los Chicos
Mardi Gras

10 de xuño
Dry Martina
Le Club

11 de xuño
Bytheface
Ola Green

11 de xuño
The Godfathers
Le Club

11 de xuño

Motociclón
Mardi Gras

16 de xuño
John Mayall
Pazo de Congressos

17 de xuño
Eladio y los Seres Queridos
Mardi Grass

24 de xuño
Hollywood Sinners
Mardi Gras

29 de xullo
Judas Priest
Coliseum

OURENSE
3 de xuño
The Marzipan Man +
Nadadora
Cafe & Pop Torgal

18 de xuño
Track Dogs
Café Cultural Auriense

24 de xuño
Festival Derrame Rock
Recinto ExpoOurense

23 de xullo
La Influencia de Baco

PONTEVEDRA
11 de xuño
Los Mecánicos
Náutico

VIGO
3 de xuño
Abe Vigoda
Marco

4 de xuño
The Marzipan Man +
Nadadora
La Iguana Club

10 de xuño
The Pepper Pots
Mondo Club

10 de xuño
Motociclón
Mogambo Club

16 de xuño
Davila 666 + Fantasmage
Mogambo

17 de xuño
Track Dogs

Fábrica de Chocolate

30 de xuño
Maryland
Casa de Arriba
1 de xullo
La Influencia de Baco
O Ensanche

10 de xuño
The Pepper Pots
Mondo Club

XINZO DE LIMIA
4 de xuño
Tevra
Urban Place

TUI
18 de xuño
Skarallaos
Café Teatro

SANTIAGO DE COMPOSTELA
9 de xuño
The Pepper Pots
Sala Capitol

10 de xuño
Josele Santiago
y sus Menudencias
Sala Capitol

11 de xuño
Tevra
Sala Capitol

SADA
17 de xuño
Paris Joel
Moby Dick

NARÓN
18 de xuño
Avalanch + Barrok
As Lagoas

MELIDE
2 de xullo
Falperrys
Sala 600

SANXENXO
2 de xullo
La Influencia de Baco

FERROL
4 de xullo
The High Llamas
C.C. Torrente Ballester

O PORRIÑO
10 de xuño
Gustavo Almeida
Liceum